



## SINTESE-RESUMO DA RESOLUÇÃO DO PARLAMENTO EUROPEO DO 02.04.09: SOBRE AS CONSIDERAÇÕES SANITARIAS RELACIONADAS COS CAMPOS ELECTRO-MAGNÉTICOS (CEM)

### RECOÑECE:

Que os emissores de Campos Electromagnéticos “poden producir efectos adversos para a saúde humana” chamando a aplicar o **Principio de Precaución**, “tendo en conta que nas últimas décadas a exposición ambiental a fontes de campos electromagnéticos producidas polos seres humanos aumentou con regularidade o que significa que na actualidade cada cidadán está exposto a unha mestura complexa de campos eléctricos e magnéticos de diferentes frecuencias tanto no fogar como no traballo”.

### REQUIRE, entre outras medidas:

- **A Diminución dos límites de exposición dos CEM da Recomendación 1999/519/CE** (adequándoa cada ano, en consideración aos efectos biolóxicos);
- **O diálogo (entre industria, autoridades públicas e as asociacións de veciños) na implantación de antenas GSM ou de liñas de alta tensión, garantindo polo menos unha distancia mínima de seguridade de escolas, garderías, residencias de anciáns e centros de saúde;**
- **Potenciar estratexias (compartir antenas e infraestruturas) e tecnoloxías que reduzan a súa exposición;**
- Pide aos Estados membros e ás autoridades rexionais e locais que cren un **portelo único para a autorización de instalación de antenas e repetidores**, e que inclúan un plan rexional de antenas nos seus plans de desenvolvemento urbano;
- **Creación de mapas de exposición aos CEM** co acceso público en Internet;
- **Demanda información polo retraso da publicación definitiva das conclusións do Estudo INTERPHONE, e retoma a chamada á prudencia** lanzada pola coordinadora de dito estudo, Elisabeth Cardis, que, sobre a base dos coñecementos actuais, **recomenda para os nenos un uso preferente do teléfono fixo;**
- **Dotación para unha Campaña de sensibilización xeral aos mozos sobre o uso racional do teléfono móbil**, denunciando as campañas de comercialización agresivas dirixidas a nenos e mozos (incluído o teléfono móbil infantil e "os minutos gratis");
- **O recoñecemento do carácter invalidante da electrosensibilidade**, co fin de garantir unha protección adecuada e igualdade de oportunidades ás persoas que a sofren;
- **Recoñece que as aseguradoras xa están aplicando o principio de precaución**, a súa maneira, ao excluír da cobertura das pólizas os riscos vinculados aos CEM; ....

Ver informe completo en:

<http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Parlamento%20Europeo/Informe%2023.02.2009gal.pdf>

<http://www.apdr.info/>